



Concello de **OURENSE**

DECRETO DA ALCALDÍA. Ourense, 28 de decembro de 2017

Visto o informe-proposta, de data 15 de decembro, elaborado polo Titular do Órgano de Xestión Económica e Orzamentaria, refrendado pola Sra. Concelleira Delegada de Facenda, en relación coa solicitude de aprobar unha transferencia de créditos feita polo Concelleiro delegado de Servizos Xerais, en uso das atribucións que me confire o artigo 124 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, artigo 181 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e demais disposicións que a desenrolan, así como de acordo co artigo 14 das Bases de execución do Orzamento Municipal vixente, a data da presente, **ACORDO** :

1.- Aprobar a modificación orzamentaria 22-T/2017, utilizando a figura das transferencias de crédito entre aplicacións da mesma área de gasto, nos seguintes termos:

Área de gasto 9

A) APLICACIÓN QUE RECIBE CRÉDITO

| Aplicación | Descrición | Importe |
|---------------------------------|--|--------------------|
| N130.9123.48900 | Asignación a grupos políticos municipais | 13.841,82 € |
| Total Transf. Positivas: | | 13.841,82 € |

B) APLICACIÓN QUE TRANSFIRE CRÉDITO

| Aplicación | Descrición | Importe |
|---------------------------------|---|--------------------|
| N230.9123.11001 | Outras retribucións persoal eventual partidos políticos | 13.841,82 € |
| Total Transf. Negativas: | | 13.841,82 € |

2.- Dar traslado do presente acordo á Tesourería Municipal aos efectos contables oportunos.

O manda e asina o Excmo. Sr. Alcalde-Presidente do que eu, Oficial Maior, dou fe.